



## Información da Asemblea de Equipos Directivos e Profesorado

A CIG-ENSINO convocou, con carácter de urxencia, unha asemblea de equipos directivos e profesorado, que se celebrou o pasado sábado 13 de xuño no IES Xelmírez I de Santiago de Compostela. Malia a urxencia e o escaso tempo que mediou desde a convocatoria ao redor dun cento de docentes pertencentes a equipos directivos, de todo o país e de todas as etapas educativas, déronse cita na asemblea.

As conclusións ás que se chegaron por parte dos participantes, son as seguintes:

1. Enviar unha nota de prensa na que se fai constar o posicionamento da asemblea en contra da fraude que se está a cometer coa pseudoconsulta aos pais imposta pola Consellaría de Educación, así como alertar ao conxunto da comunidade educativa da tremenda agresión que a actuación da Xunta está a supor para o noso idioma. [Ligazón ao comunicado da Asemblea](#)
2. Rexeitar o intento de censura e prohibición da liberdade de expresión e de cátedra do profesorado por parte da Consellaría, instando a todo o profesorado a que lle faga ouvidos xordos, actuando con dignidade e total liberdade, propiciando a información necesaria ao conxunto da comunidade educativa como mellor entendan. ([Ver resposta da CIG-Ensino á censura da Consellaría](#)). Faise especial fincapé en que se dea máxima difusión pública do posicionamento dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, dos propios equipos directivos, das ANPAS, dos Claustros ou dos Consellos Escolares, etc.)
3. Pulsar a opinión dos distintos cargos directivos do país sobre a posibilidade de presentar a dimisión pola imposición dun procedemento de consulta fraudulento e que implica un claro dilema moral para os responsábeis dos centros educativos, encomendas que non lle corresponden que deben ter na defensa do uso e promoción da lingua galega un dos seus principios fundamentais de actuación.
4. Dar difusión a todas as incidencias, irregularidades e flagrantes ilegalidades que se están a cometer no proceso desta enquisa trampa (vulneración da Lei Orgánica de Protección de Datos, certificacións falsas de seren os pais/nais os que cumprimentan a enquisa ao non ter constancia deste feito, recepción de instrucións sen remitente nin sinatura, a tendenciosidade da propia enquisa, etc.)
5. Facer público a toda a comunidade educativa do centro a obrigatoriedade a que se ven sometidos os equipos directivos a participar en contra da súa vontade neste proceso profundamente contrario á normalización lingüística, deixando claro que os equipos directivos non son brazos executores de manobras políticas que non deberían ter cabida no ensino.
6. Solicitar todo tipo de aclaracións, instrucións ou informes xurídicos á Consellaría de Educación, con indicación do órgano administrativo que adopta a decisión, co obxecto de salvagardar os propios cargos directivos da esixencia de responsabilidades por restrinxir dereitos fundamentais ou pola vulneración do procedemento de tratamento de datos de carácter persoal, entre outros. [Ver modelo de escrito elaborado pola CIG-Ensino](#).
7. Promover concentracións o luns 22 de xuño, coincidindo coa entrega das enquisas nas distintas delegacións territoriais, aproveitando o acto para amosar o desacordo dos equipos directivos e do conxunto do profesorado contra a manipulación que supón o proceso de consulta imposto pola Consellaría.